



Cuatro miradas sobre las heridas de los sacerdotes

G. Daucourt - A. Cencini - J. M. Uriarte - A. Torres Queiruga,
Sal Terrae, Santander, 2023

No ano 2023, en italiano, foi publicado *Il dolore della Chiesa di fronte agli abusi*. Editado por Francesco Strazzari e cun prólogo do cardeal Pietro Parolin recollíanse nel as reflexións de monseñor Gérard Daucourt, bispo emérito de Nanterre, sobre os abusos sexuais dentro da Igrexa católica, e as de Amedeo Cencini, psicólogo e teólogo da Pontificia Universidade Lateranense, xunto cun epílogo de Andrés Torres Queiruga sobre o celibato, pedido cando o prólogo xa estaba rematado, segundo souben polo seu autor.

O estudo do bispo francés é lúcido, esclarecedor e valente. Logo de distinguir claramente entre pedofilia, celibato e homosexualidade, criticando asociacións superficiais e conexións inadecuadas entre estas realida-

des ben diferentes, o autor presenta con realismo e claridade un dobre deber da Igrexa. Por unha parte, que dúbida cabe, o da atención ás vítimas dos abusos en todas as dimensións e por todo o tempo que sexa necesario. Pero, pola outra, tamén, o deber de acompañar e non abandonar aos culpables dos abusos. O castigo, a separación, a pena imposta ao culpable debe estar orientada cara a súa rehabilitación. Algo que o propio bispo puxo en marcha coa «Pequena Betania». Unha experiencia de acollida e curación para estes curas desgraciados.

O traballo de Amedeo Cencini atende máis á perspectiva sistémica do problema e incide moito no que habería que facer para que os abusos sexuais non se repitan máis. Logo de

subliñar a responsabilidade da Igrexa como institución en todo este mal, e logo de denunciar un sistema de silencio e opacidade como resposta espontánea, o autor aborda as claves fundamentais dunha lectura máis estrutural que comprende os abusos en clave comunitaria. Por iso insiste na valentía de recoñecer e denunciar o mal, na importancia de identificar as raíces do problema, de desenvolver a empatía que todas as vítimas precisan, de sentir vergoña e remordemento polo dano causado, de ter o valor de pedir perdón, de impedir que aquel que cometeu abusos os volva cometer, de non esquecer que o que abusou segue sendo un irmán que precisa axuda, de inverter tempo e recursos na formación primeira dos seminaristas e na formación permanente do clero veterano. Non se trata só de fallos morais de individuos illados, senón dun sistema viciado que cómpre reformar a fondo.

O epílogo de Torres Queiruga céntrase na posibilidade do celibato opcional dos sacerdotes. Logo de falar sobre a vida relixiosa integral –a propia de todo bautizado– e de distinguir no seu

interior unha polaridade máis centrada no mundo de Deus – os leigos– e outra máis atraída polo Deus do mundo –clérigos e vida relixiosa tradicional– e, tamén, de reflexionar sobre o sentido e a necesaria actualización dos votos relixiosos clásicos, o teólogo de Aguiño entra na cuestión do celibato. Cunha forte ancoraxe na autonomía de todo o creado e na presenza positiva de Deus en toda a realidade, Torres Queiruga sitúa o problema onde realmente está: na orde disciplinaria e non dogmática do ministerio ordenado. E desde aí, ábrese á posibilidade lexítima, desde un punto de vista teolóxico, e moi oportuna, desde un punto de vista pastoral, de que o celibato poida ser opcional. Non se trata de derrogar, senón de optar libremente por unha ou outra forma de vida con vistas a unha mellor vivencia do servizo ministerial. Non se esquece, tampouco, do sacerdocio feminino que considera perfectamente posible e desexable.

Ata aquí chega a edición orixinal do libro italiano. Na edición española que aquí presentamos engadiuse ademais outro texto. Trátase dun traballo do

recentemente finado Juan María Uriarte. O bispo emérito de San Sebastián reflexiona, desde un punto de vista pastoral, sobre o impacto que a indiferenza relixiosa causa sobre os curas de hoxe. Analiza as súas causas, describe as diferentes formas de sentirse afectado por ela e, finalmente, propón certas claves para situarse positiva e activamente fronte a este desafío.

Non cabe dúbida de que o material orixinal co que está confeccionado este libro é, por si mesmo, de boa calidade. Porén, o resultado final da súa agrupación é algo máis discutible. O prólogo –ao ser tradución da edición italiana– só se refire aos dous primeiros capítulos e resulta un pouco estraño que nin sequera na edición italiana se mencione o epílogo de Queiruga. Nunca se lle di ao lector o porque desta omisión. Tampouco na edición española. O editor tería feito ben de ter informado ao lector do proceso de confección de toda a publicación. Deste modo o editor podería axudar a esclarecer unha serie de preguntas que, rematada a lectura do libro, asaltan

ao lector: –cal é, realmente, o tema do libro? –Os abusos? –A indiferenza? –O celibato? En caso de seren os tres, como dá a entender o título: –as feridas dos sacerdotes redúcense unicamente a esas tres cuestións? –Non habería que amplialas? E finalmente, –temos aquí un libro ben pensado ou a reunión ocasional de estudos anteriormente separados?

Certamente, digamos para concluír que estamos ante unha publicación que agrupa un conxunto de traballos que, en si mesmos, paga a pena ler, pero como libro, como proxecto orgánico que ofrece unha reflexión global, gañaría máis cun proceso de maduración máis detida, de estruturación lóxica mellor trabada e, finalmente, cunha presentación introdutoria algo máis elaborada, na que o lector puidera ver non só unha amalgama de estudos algo aleatoria, senón un traballo ben programado e coherente que estuda e afonda certos problemas da vida sacerdotal pendentes aínda de solución.

Pedro Castelao